



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezaoitto, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (27/06/2018).

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 27/06/2018 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do Orzamento Municipal para o exercicio 2018.

Dáse conta do proxecto de Orzamento Municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio económico 2018, que ascende, no seu Estado de Gastos á cantidade de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS SESENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (#5.267.791,52#) EUROS e no Estado de Ingresos á cantidade de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS SESENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (#5.267.791,52#) EUROS, presentando unha situación de equilibrio inicial que cumpre o principio de estabilidade orzamentaria esixido polo artigo 165 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Dáse conta do expediente instruído para a aprobación, no seu caso, do citado proxecto. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o



Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o R.D. 500/1990 de 20 de abril; e visto o informe favorable emitido pola Intervención, proponse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2018, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS SESENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (#5.267.791,52#) e no Estado de Ingresos á cantidade de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS SESENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (#5.267.791,52#) , asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.231.751,52
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	3.465.445,23
1	Gastos de persoal	1.305.550,23
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.084.485,00
3	Gastos financeiros	3.960,00
4	Transferencias correntes	71.450,00
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.766.306,29
6	Investimentos reais	1.766.306,29
7	Transferencias de capital	
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	36.040,00
8	Activos financeiros	15.000,00
9	Pasivos financeiros	21.040,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	5.267.791,52


ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	4.547.291,52
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	3.889.790,16
1	Impostos directos	1.252.000,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2	Impostos indirectos	48.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	435.000,00
4	Transferencias correntes	2.154.790,16
5	Ingresos patrimoniais	
	A.2 OPERACIÓN DE CAPITAL	657.501,36
6	Alleamento de investimentos reais	
7	Transferencias de capital	657.501,36
	B) OPERACIÓN FINANCEIRAS	720.500,00
8	Activos financeiros	15.000,00
9	Pasivos financeiros	705.500,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	5.267.791,52

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra do mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; e, noutro caso, que se proceda co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

A Presidencia manifesta que a súa elaboración inicial foi con retraso e despois houbo circunstancias excepcionais que impediron traelo antes a Pleno.

Son uns orzamentos que se van a cinco millóns douscentos sesenta e sete mil setecentos noventa e un euros con cincuenta e dous céntimos, e no estado de gastos igual, quedando equilibrado e cumprindo as obrigas legais establecidas.



En canto ao capítulo de ingresos, o cambio de técnico económico no concello supuxo un cambio no xeito de contabilizar, por iso pode chocar que haxa menos ingresos e menos gastos en actividades e inversións, tanto os subvencionados pola Xunta de Galicia como pola Deputación de A Coruña; iso non quere dicir que non se fagan.

En canto ás transferencias correntes para subvencionar actividades, servizos ou inversións, diminuíuse ese importe reflectido no orzamento por estar xa contemplados por xeración de créditos que se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo unha vez aprobado o orzamento. Simplemente é unha cuestión contable.

En canto aos ingresos, pode chamar a atención a petición dun préstamo bancario, feito ao que non se acudía dende hai sete anos, pero cre que este é o momento. Aparecen reflectidos setecentos mil euros, pero realmente o préstamo que se vai pedir é para financiar a primeira fase dos sumidoiros na parroquia de Vedra que ten un custe de cincocentos mil euros. Unha vez que se adxudique, probablemente baixe ese custe, e polo tanto o préstamo será inferior.

As obras están proxectadas cun determinado custe e ese é o que ten que figurar no orzamento, e despois pode haber importantes baixas na adxudicación das obras, como sucedeu nos últimos anos no que a baixa media é dun 30%.

Sinala que nos orzamentos debe quedar reflectido o ingreso correspondente, isto é, se unha obra da Deputación que custa cento noventa mil euros, teñen que reflectir ese importe; despois pode custar cento trinta ou cento corenta mil. As baixas, sobre todo nas obras da Deputación, afectan primeiro á parte que achega o concello.

A intención do equipo de goberno é acudir única e exclusivamente a un préstamo máis próximo aos catrocentos mil euros cós cincocentos mil euros.

Neste momento, a día de hoxe, no que se refire á devolución de préstamos bancarios, o concello está a cero; e na póliza de crédito para ter liquidez tamén está a cero. Por iso, o equipo de goberno cre que para unha obra como esa, necesaria e prioritaria, o concello pode e debe acudir a ese instrumento de financiamento.

En canto aos gastos, continúan co esforzo por parte de todos, para manter os servizos, axudas, etcétera. Destaca que na acción social e dependencia seguen incrementando o orzamento, sobre todo polo tema das horas de axuda no fogar. Di que o seu grupo de goberno, cantas máis horas poidan prestar, seguirán a facelo, aínda que supoña un esforzo para o concello.

Quere sinalar que por primeira vez se establecen unhas bolsas para axudas a estudantes por importe de dez mil euros. No mes de setembro traerán a pleno esta cuestión para definir as ideas e formas e a que van dirixidas.

Di que tamén é importante as partidas de proxectos amplas nas que poidan quedar remanentes. Permiten redactar xa a segunda fase da rede de sumidoiros de Vedra e outros proxectos de sumidoiros noutras zonas do concello.

O capítulo máis importante é o referido a inversións. O gasto destinado a inversión está arredor do 30%. Cre que é positivo e destaca os cincocentos mil euros destinados á primeira fase do saneamento en Vedra, que sen partida orzamentaria non poderían



sacalo adiante. Agora teñen o proxecto, as autorizacións, as licenzas, o terreo e tamén os cartos para poder comezar a licitar esa obra dende o principio.

Tamén están as obras aprobadas no POS en relación á auga que supoñen arredor de catrocentos mil euros de inversión, a extensión da rede de auga en catro parroquias. Hai partidas importantes para a reparación de pistas, a ampliación da estrada en San Miguel, a renovación dos céspedes dos campos de fútbol, o arranxo da escola de San Xián, a adquisición dun novo tractor, a instalación nas vías municipais de redutores de velocidade onde se precisen, etcétera.

Por último, despois dun tempo, déixase previsto na oferta pública de emprego unha praza de funcionario/a de auxiliar administrativo, para sacar en concurso libre unha vez aprobado o orzamento.

A Presidencia solicita o voto favorable a un orzamento cun forte compoñente inversor, e senón a abstención.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que xa están acostumbrados a que traia os orzamentos nesta época do ano.

Sendo o primeiro orzamento expansivo, polo menos dende que ela é concelleira, sabendo que houbo unha serie de limitacións impostas polo Sr. Montoro, debido ao tema do déficit, o equipo de goberno puxo moito empeño en deixar a débeda a cero, pero cre que se queda curto. Sen débeda, cos ingresos que hai, é case imposible acometer obras, por iso se ve agora na obriga de acudir a un préstamo para cumprir o prometido na anterior campaña electoral ademais das necesidades actuais do concello.

Di que se queda corto o equipo de goberno, porque nos últimos anos estivo liquidando a débeda do concello con cartos da Deputación, renunciando a inversións. Agora é un concello con débeda cero, pero os servizos son os mesmos que hai dez anos.

Sinala que é do seu agrado ver o incremento das horas do SAF, aínda que a aposta do grupo de goberno anterior era a construción dun centro de día.

Respecto das bolsas para estudantes, pregunta se van contar co PSdeG-PSOE. Segundo faláron na comisión informativa teñen intención de dedicalas a persoas que cursen estudos superiores. Cre que deben estudar o tema ben, porque este país investiu moitos cartos na formación universitaria de moitas persoas que hoxe en día buscan traballo fóra do país porque aquí non o teñen e por outro lado hai unha serie de oficios para os que non se atopan traballadores. Cre que se poden repartir esas bolsas e dar algo para todos. Por outro lado, non entende porque fai o saneamento da parroquia de Vedra por fases, e en canto á oferta de emprego pregunta porque non se acomete xunto coa praza de auxiliar administrativo a praza de técnico/a de tesourería.

O seu grupo estará pendente da porcentaxe de execución que realiza e di que se estes orzamentos foran presentados no ano 2015 terían o voto a favor do seu grupo. O voto do seu grupo vai ser a abstención.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que a petición por parte da Presidencia do voto favorable é un formalismo. Formalismo un tanto insultante porque o primeiro que tería que facer era presentar con antelación esa proposta, dar pé a un debate e estar aberto a modificacións.



Trouxo á comisión previa ao pleno o documento totalmente pechado sen opción de debate e á realización de posibles modificacións, e agora tráeo a pleno para aprobalo coa maioría absoluta que ostenta.

O endebedamento que vai resultar da aprobación deste orzamento, por moito que intenten xustificar e argumentar, vai ser duns setecentos mil euros. Hai un endebedamento de setecentos mil euros para unha obra que vai custar arredor de cincocentos mil, que segundo o criterio da Presidencia se adxudicará cunha rebaixa do 30%, co cal sería un importe de trescentos cincuenta mil euros. Isto suporá que o equipo de goberno disporá de trescentos cincuenta mil euros, en ano electoral, para uso de barra libre en obras electoralistas para pagar favores e obrigas electorais, como é practica tradicional no PP.

Di que a modificación do PXOM é básica, que é unha ferramenta básica para o desenvolvemento do concello. A falla dunha partida específica para levar a cabo esa modificación, xa xustifica o voto en contra aos orzamentos.

Respecto aos servizos sociais, nos que a Presidencia se gaba de que aumenta o orzamento ano tras ano en gasto social, non é máis cá realidade social produto da evolución demográfica que existe. Ao aumentar os demandantes, loxicamente aumenta o gasto, pero a cobertura dos servizos é exactamente a mesma ca hai nove anos, e mesmo se perderon algúns como é o caso de fisioterapia.

Respecto das bolsas para estudantes sorpréndelle que agora haxa orzamento para iso, pero resulta que non saben como facelo. Non teñen unha proposta para levalo adiante. Estará á espera para coñecer os criterios de adxudicación e a execución desa partida.

Anuncia que o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que lle molesta que os tomen por parvos. O grupo de goberno vai pedir un préstamo de setecentos mil euros e a explicación é sinxela: a suma de todos os gastos que teñen recollidos no orzamento, tendo en conta que presupostaron a depuradora en catrocentos cincuenta mil euros, é de cinco millóns douscentos sesenta e cinco mil euros; e resulta que teñen uns ingresos de cinco millóns de euros contando cos setecentos mil euros. Logo se pide catrocentos mil euros incorren nun déficit de trescentos mil euros.

O concello vai ter unha débeda de setecentos mil euros, que é exactamente o que fixo o anterior alcalde, Odón Cobas, que incorreu nun déficit de cincocentos mil euros que lle permitiron dende o goberno central, e agora van ter un de setecentos mil euros a oito meses das eleccións.

Di que hoxe mirou os datos do INE sobre a débeda do concello en 2017 e ascende a catrocentos trinta mil euros. Agora mesmo teñen unha débeda de trescentos mil euros, que xunto cos setecentos mil euros que van pedir, deixan ao concello cunha débeda de un millón de euros. O que anteriormente criticaron, repíteno agora a uns meses das eleccións.

Di que constitúen unha débeda municipal de setecentos mil euros porque planificaron a construción dunha minidepuradora para a cabeceira do concello, que nin sequera chega para depurar as augas dos veciños, posto que está o colexio, o centro de maiores, etcétera. O peor de todo é que a débeda é pola culpa do grupo de goberno porque detraeron a depuradora que tiñan que pagar os empresarios e agora teñen que pagar parte dela os veciños.



Por outro lado, o grupo de goberno cedeu o centro de saúde á Consellería de sanidade no ano 2017 para non ter que facerse cargo dos gastos de funcionamento, e resulta que presupostan vinte mil euros para o seu mantemento.

Pide que a próxima vez que entreguen o orzamento, entreguen tamén o dato do equilibrio entre os gastos e os ingresos como viñan facendo os últimos sete anos.

O seu voto vai ser en contra.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, que cre que non o entende. Di que non vai haber déficit, e haberá un documento no que verán a liquidación do orzamento antes das eleccións municipais no que verán como quedou a execución do orzamento.

O préstamo que queren pedir é fundamentalmente para o proxecto da primeira fase de saneamento na parroquia de Vedra, que ascende a cincocentos mil euros. O resto está presupostado porque nas obras do POS, a parte que ten que poñer o concello ten que figurar tamén como ingreso. A experiencia destes sete últimos anos di que sempre que se adxudican as obras do POS, as baixas afectan ao 100% á parte que ten que poñer o concello e por tanto xa non teñen que poñer eses cartos. Polo tanto, se non os hai nos ingresos tampouco os hai nos gastos, polo que non hai déficit. En todo caso, di que o orzamento vai ter unha liquidación e entón verase se hai ou non déficit.

Respecto da débeda de Odón Cobas, falaba da débeda de préstamos bancarios e da póliza de crédito. Quedan pendentes as famosas devolucións que detraen dos ingresos do Estado do que se lle debe das liquidacións dos anos 2008 e 2009, que se vai devolvendo pouco a pouco e son arredor duns cento cincuenta mil euros. Logo queda o PAI da Deputación, que foi un mecanismo que buscou a Deputación para pasar os cartos aos concellos, pero que nunca os van cobrar. Van metendo anos de carencia ata que se atope a forma xurídica onde esa débeda desapareza dos concellos.

A situación é moi diferente á época de Odón Cobas. No ano 2011, en plena época de crise, había pendente de devolver aos bancos setecentos setenta e sete mil cento corenta e catro euros de préstamo bancario e a maiores en acredores cincocentos mil euros, ademais do que había que devolverlle ao Estado. Isto é que se gastaran cincocentos mil euros máis dos que se ingresara. Ademais o concello atopábase na situación de que a amortización bancaria era de preto de douscentos mil euros anuais co que machucaba a liquidez do concello.

Agora é unha situación diferente, xa que hai cero euros de débeda bancaria e de póliza de crédito, e cerráronse con superávit os diferentes exercicios. Por iso están en disposición de acometer esa obra e pedir o préstamo. A amortización do préstamo non vai afectar á liquidez dos próximos anos, xa que poden ser entre trinta e cincuenta mil euros ao ano.

Por outro lado di que lle chama a atención que no seu momento dixera que o modelo de grandes depuradoras estaba caduco, que había que facer depuradoras máis concretas e locais e agora critique ese modelo.

Respecto ao centro de saúde, di que todo ten unha tramitación burocrática e espera que este ano, por fin, a Consellería de Sanidade acolla o centro de saúde, e despois verase onde se gasta o presupostado.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que si é certo que é un documento pechado debido ás circunstancias especiais que concorreron, aínda que non se vai escusar nelas.



Respecto do endebedamento di que non é para facer as obras que lles pidan os veciños antes das eleccións. Está pensado única e exclusivamente para esa obra e verano cando saque o préstamo.

Sobre a modificación do PXOM sinala que as partidas referidas a estudos, proxectos, etcétera quedaron folgadas e que nelas se poden facer moitas cousas.

Respecto ao gasto social, di que fai unha argumentación tramposa cando di que son máis horas porque hai máis dependentes. Todos os concellos piden máis horas, e en Vedra duplicáronse as horas de atención a dependentes. Están por encima das vinte mil horas anuais e van solicitar máis, e outros concellos non as piden porque lles supón un custe.

Respecto ao PSdeG-PSOE, a Presidencia agradécelle a súa abstención, e está de acordo en que os cartos en inversións sempre quedan escasos, pero prefiren ser prudentes e realistas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non estaba como concelleira cando se falou da débeda do ano 2011, pro cre que sen endebedamento non se poden facer inversións. As pistas municipais están cheas de fochancas, por exemplo. O concello agora non ten débeda, pero dubida que o concello fose a mellor.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, indícalle á Presidencia que solicite traballo como xefe de obra, porque é un xenio se consegue detraer trescentos mil euros nos concursos de adjudicación de obras. En aglomerados pode conseguir esas baixas porque non ha un control do grosor e calidade dos mesmos, pero en obras de enxeñería non vai ser capaz. Respecto á depuradora, o BNG-AA o que solicitou foi un cambio de tecnoloxía. Se fan tres depuradoras para a parroquia non terán problema; o que van facer é unha depuradora para o colexio, non para a parroquia.

A Presidencia contéstalle a dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE que lle gustaría ser expansivo nos orzamentos, pero teñen que cumprir certas obrigas legais.

Así mesmo, respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA que levan xa dous ou tres anos nos que as obras que se fan teñen control de calidade interno e externo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA solicita o informe histórico dos seguimentos de control de calidade, materiais, espesores, porcentaxes de compactidade do terreo e todos os datos que veñan recollidos no mesmo.

Posto a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA e do concelleiro non adscrito, Sr. Castro Rocamonde.

3º.- Acordo, se procede, do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + ADICIONAL 1/2018.

Dáse conta do informe emitido pola Comisión informativa de urbanismo e plans do día 23/07/2018 na que se propón:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a



aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

B) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan			Financiamento dos investimentos		
Procede do POS+ 2018 Complementario SI / NON	Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
NON	Mellora do pavimento dos viais de Brañas a Francés , de Galegos a N-525, de Afós a N-525, de Tras das Formas a Caniñas e outras	453	131.616,03	59.030,31	190.646,34
Subtotal investimentos financeiramente sostibles			131.616,03	59.030,31	190.646,34

Aprobar os proxectos das novas obras ou os pregos das novas subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2018 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN			
B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NESTA 2ª FASE DO PLAN	131.616,03	59.030,31	190.646,34
SUBTOTAL	131.616,03	59.030,31	190.646,34
IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN			
TOTAL	131.616,03	59.030,31	190.646,34

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2018, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que se trata do POS + complementario. Cando se aprobou o POS esixían enviar unha memoria valorada sobre as obras que puideran ir no POS complementario que estaban a expensas da cantidade que puideran dar. Na primeira comunicación que enviaron ao concello daban uns oitenta mil euros e na segunda subía a achega a cento trinta e un mil euros.

Por un lado estaba o centro de envasado en San Mamede (100.000 €) e por outro a segunda fase e última da pista multiusos de Vedra. O proxecto da mesma ía preto dos douscentos noventa mil euros. Os cartos non chegaban para facer unha actuación definitiva, e respecto ao centro de envasado faláron co Agader para ver se podía financiar unha gran parte do custe e en principio aceptaron.

Tamén había pistas en estado deficiente para reparar e por iso o concello presentou un proxecto de reparación de pistas municipais. En total son dezaoto actuacións coa achega da Deputación de cento trinta mil euros, e o proxecto está arredor dos cento noventa mil euros. A adxudicación destas obras en anos anteriores está nunhas baixas preto do 30%, polo que non se ía presentar un proxecto no que a baixa afectara á achega da Deputación. Está pensado para que a obra quede arredor dos cento trinta ou cento trinta e cinco mil euros e o concello non teña que facer ningunha achega.

Son nove quilómetros de pistas aproximadamente, nalgún caso mesmo con aglomerado, e sobre todo naquelas pistas cunha alta densidade de tráfico que serven para comunicar diferentes parroquias, como a que baixa de Nande a Matelo cara San Xián.

A Presidencia solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que cando sacaron o POS + as prioridades do seu grupo eran outras, e era evidente que a achega do POS + complementario non ía chegar para rematar as obras no antigo campo de fútbol de Vedra.

Di que o grupo de goberno no seu momento dedicou máis de douscentos mil euros dos cartos do POS + complementario a gasto corrente, e agora van asfaltar pistas que xa tiñan que estar arranxadas, porque algunhas das pistas están nun estado moi grave de deterioro.

Anuncia que o seu grupo vaise abster.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito pregunta se a Presidencia convocou ou invitou a participar nunha mesa aos grupos políticos para facer achegas ou propostas ao plan.



Agora aparece o grupo de goberno cun programa de obras pechado e pide o voto favorable, cando en sete anos que levan no goberno non foi capaz de facer un plan municipal de estradas e descoñece o criterio para asfaltar as pistas.

Anuncia o seu voto en contra.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o grupo de goberno planificou o centro de envasado e rematar a pista multiusos de Fontao.

Segundo dixo na comisión, eran os veciños os que falaban coa concelleira de obras para ver as pistas que se arranxaban. Cre que iso é unha especie de venta de favores a oito meses das eleccións.

Anuncia o seu voto en contra.

A Presidencia respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, que o centro de envasado se vai executar nesta lexislatura.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, replica que cando lle ensine o documento asinado co Agader poderá crelo. A realidade é que había cartos que tiñan que ir integramente destinados á parroquia de Vedra e que ao final se detraen nunha infinidade de cousas. Agora mesmo hai unha obra pendente de rematar que ten moito uso e está nun estado lamentable.

Di que non vai presentar máis mocións porque en oito anos non levaron a cabo unha soa proposta das que lle presentaron.

A Presidencia replica que non dixo que Agader fose a dar cen mil euros. Dixo que Agader ía achegar unha parte importante desa obra, a asinar un convenio e a realizar a obra. Di que tamén se alegra de que estea a favor da obra que se está a facer en Fontao, porque ao principio non estaba a favor dela.

Cando falou de vías importantes, referíase a vías municipais con moito tráfico e que comunican parroquias, como a que une Merín con San Mamede dende a estrada da Xunta á estrada nacional. Por outro lado, pon o exemplo de Santa Cruz, onde hai pistas que necesitan un arranxo urxente, pero non se van aglomerar agora se dentro de seis meses se vai facer unha obra importante de sumidoiros. O grupo municipal mide as actuacións nas vías municipais polo seu uso, deterioro e demanda social, e pretenden que no futuro todas as vivendas do concello estean a menos de cincocentos metros dunha pista aglomerada.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, replica que sempre estivo de acordo co velódromo, non con esa cousa que fixo o equipo de goberno e deixaron a medio facer.

Posto a votación o citado acordo, apróbase con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

4º.- Aprobación, se procede, do Plan de Prevención de Incendios 2018.

Dáse conta da proposta do *Plan de prevención de incendios 2018*

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, expón que bota en falta un programa de formación dos veciños dentro do plan para que estes saiban como actuar en cada caso, entre outros.



O Sr. Pose do BNG expón que lle falta unha planificación e previsión orzamentaria.

A Presidencia di que todos os grupos tiveron o documento no que se fai unha profunda análise do concello de Vedra e cre que son interesantes os obxectivos formulados. Son obxectivos fundamentais que se concretan nunha serie de accións sobre o territorio, sobre a poboación, accións de investigación, accións de aplicación de protocolos, e establece unha serie de medidas de control e avaliación dos obxectivos, así como a posibilidade de revisar e actualizar os plans, pretendendo ser un instrumento dinámico na toma de decisións.

Cre que este plan é unha boa análise cualitativa e cuantitativa do risco de incendio forestal no concello e establece un período de catro anos. Tamén é un bo marco de actuación e o problema está en que se non se formula e realiza na realidade non serve.

Di que hai que empezar xa a executalo e non vai ser en dous meses. Por este motivo se deben establecer prioridades. O plan arroxa un dato curioso: existen 11.185 parcelas que ocupan 1.356 hectáreas en franxas de 50 m. desde a edificación. Isto non vai ser doado de levar a cabo e requirirá tempo e esforzo. Pensa que deben comezar polo lugar que o plan sinala como o máis especialmente perigoso susceptible de incendio forestal, que é San Xián.

A Presidencia solicita o voto a favor.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que este plan vén tarde, xa que o levan reclamando tres anos os grupos da oposición.

O plan é un estudo impresionante do concello, pero non deixa de ser iso, porque bota en falta a planificación de accións concretas a levar a cabo polo concello e pola veciñanza; e debería estar aprobado a principios de ano e non a finais de xullo.

Solicita á Presidencia que pida todo o que necesite á Xunta de Galicia para a extinción de incendios, ben a través de medios propios ou ben a través de medios económicos.

Di que anualmente o concello debe actuar obrigatoriamente en 95,98 hectáreas de franxas secundarias, 135 hectáreas de titularidade municipal.

O financiamento ten que ser por parte do concello, debe dotar dunha partida orzamentaria para a extinción de incendios, da Xunta de Galicia e do Feader, ademais de poder establecer convenios con entidades privadas.

Sinala que o seu grupo se vai abster. Se o grupo de goberno se compromete a facer un plan de actuación a catro anos, de xeito cronolóxico con todas as accións puntuais que vai levar a cabo o concello, coas que teñen que levar a cabo os veciños, presupostado, etcétera; entón votarán a favor.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito di que este plan deriva da Lei de incendios do ano 2007, polo tanto chega once anos tarde.

Di que chega despois de reiteradas peticións dos grupos da oposición e de reiteradas faltas á verdade do Sr. Vázquez Martínez, do PP.

En canto ao documento en si, para a finalidade que se persegue que é evitar incendios e reducir os danos, cre que o plan é cativo. Ao seu ver, non contempla o máis básico, que é un estudo do solo, non hai un estudo de detalle da evolución da ocupación do solo; polo tanto a falta dese tipo de análise impide facer un diagnóstico.

Tamén bota en falta a formación da veciñanza en canto ás obrigas, ás actuacións en canto á prevención, á xestión da biomasa e ao xeito de actuar en canto ao lume.



Tampouco contempla as áreas de actuación que son privadas, as que son do concello ou públicas doutras administracións.

Anuncia a súa abstención.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, mantén o mesmo que dixo na comisión informativa: que un plan sen planificación nin orzamento non é un plan. Como documento está moi ben, pero só pode ser un plan se está planificado e ten unha previsión orzamentaria. Sinala que nos orzamentos aprobados no día de hoxe o único incremento que hai para a loita contra incendios son mil novecentos euros par un curso de condutores ao persoal que se encarga da motobomba.

Indícalle á Presidencia que teña coidado co que poida acontecer en San Xián, ao tempo que anuncia a súa abstención na votación.

A Presidencia di que lle parece grave o que está a dicir respecto ao ter coidado co que poida acontecer en San Xián.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, replica que o que el di é que se hai unha falta de previsión e a Presidencia a detecta a tempo e non actúa, ten algunha responsabilidade. Na comisión dixo que había unha urxencia en San Xián e que se detectaran varios puntos non que era inminente unha actuación este verán, e no orzamento que se aproba tres días despois non hai un só euro para facer esas actuacións.

A Presidencia pregúntalle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, se sabe como funcionan estes temas. Cre que non. Pregunta se presupostan cen mil euros para limpar as fincas que non limpan os particulares. Iso leva unha serie de trámites burocráticos, teñen obriga os propietarios, hai unha serie de legalidades que cumprir. Por outro lado, o concello xa ten tractores, rozadoras, persoal para limpar o que lle compete e xa está presupostado.

Agora están pendentes dun novo convenio coa Xunta de Galicia no cal envían cartos para limpar esas redes de faixas secundarias de redes de camiños de monte, etcétera.

En calquera caso, neste plan si hai unhas propostas de actuación sobre o territorio, a poboación, a investigación, a extinción e o establecemento de prioridades. Tamén establece como ten que actuar a administración local en caso de incumprimento na xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas.

Están previstas charlas informativas e de concienciación. Dende agora hai que ir especificando as medidas a partir deste plan e os grupos da oposición serán invitado para deseñar, planificar e executar actuacións concretas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, cre que a Presidencia está confundindo conceptos. Unha cousa son as parcelas e superficie que está afectada, e outra son as superficies e parcelas que precisen actuación sobre elas. Tamén hai suxeitos, como os propietarios dos tendidos eléctricos, aos que o concello terá que notificar e que son propietarios de moitos metros cadrados.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pon o exemplo do gremio da investigación cando pide un proxecto europeo, no que lle piden un plan de actuación a tres anos, e nese plan teñen que reflectir céntimo a céntimo a previsión de gasto. Volve a preguntar se o grupo de goberno se compromete a facer un plan de actuación.



A Presidencia contesta que se compromete a convocar aos grupos da oposición para empezar a deseñar e establecer as actuacións concretas, comezando pola de San Xián.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que nese caso o seu grupo vaise abster.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que respecta as súas opinións, pero nega as vertidas sobre o concelleiro o Sr. Vázquez Martínez.

Posto a votación, apróbbase con sete votos a favor do PP, e seis abstencións do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal PSdeG-PSOE sobre da planta de tratamento e reciclado de residuos de Casalonga no concello de Teo.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE na que se expón que a empresa Toysal, S.L ten intención de instalar unha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga (Teo), para o que presentou no pasado mes de decembro diante da Xunta de Galicia a solicitude de autorización ambiental integrada, e ao mesmo tempo informe do concello de Teo sobre compatibilidade urbanística.

Á vista da copia do proxecto requirido polo concello de Teo, nunha primeira valoración técnica sobre a vida e actividade de todos os núcleos urbanos e rurais que se sitúan nunha ampla zona arredor da mesma, afecta incluso aos concellos adxacentes.

Dende hai anos a Xunta de Galicia promove lexislación que provoca a progresiva liberalización e desregularización das actividades e usos do solo rústico, en especial a Lei 2/2016, do solo de Galicia, con consecuencias graves e moi perigosas para moitos termos municipais.

En Teo creouse unha plataforma denomina “Plataforma Casalonga limpa de residuos” que xa está a dar os seus primeiros pasos na mobilización veciñal contra esta instalación.

Distintos estudos e informes de varias administracións indican que os olores xerados pola planta poderían chegar en certos días do ano ata a 15 Km de distancia se os ventos son favorables, e dado que Vedra limita ao oeste co concello de Teo e atópase a uns 10 Km da canteira na que se pretende instalar a planta, solicitan o debate e aprobación polo Pleno dos seguintes acordos:

Primeiro.- Rexeitar que a instalación de xestión e tratamento de residuos sexa unha actividade permitida en solo rústico, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Segundo.- Adoptar as medidas necesarias, de forma conxunta e coordinada cos concellos afectados, tanto dende un punto de vista institucional como administrativo e respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación desta planta de reciclaxe en Casalonga.

Terceiro.- Reclamar ao goberno galego os cambios lexislativos necesarios para que esta situación, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que este é un exemplo máis das políticas clientelistas do PP que quere implantar unha planta de reciclaxe de residuos orgánicos en Casalonga nunha antiga canteira. É unha extensión de 135.000 m² para tratar residuos de orixe animal, orgánicos, lodos de depuradoras, lodos de conserveiras, lodos de



residuos industriais agroalimentarios, zurros e esterco, etcétera e estímase que se traten unhas 90.000 toneladas ao ano.

Segundo estudos da plataforma “Casalonga libre de residuos” cren que a empresa recuperaríase a inversión en menos de un ano. Este tipo de instalacións deberían estar asentadas, prioritariamente, en solo industrial, e por iso considera que non pode poñerse alí.

A Vedra crearíalle problemas de olores, problemas na flora e fauna e coa circulación de camiós coas distintas verteduras.

Solicita o apoio para aprobar a moción, xunto co resto dos concellos veciños.

A Presidencia contesta que votarán a favor e solicita que retire da moción o de “políticas clientelistas do PP”, cando todo o PP da comarca apoia que non se leve a cabo esa planta en Casalonga.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, acepta retirar ese fragmento da moción.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que isto non é un problema de calquera dos concellos da contorna de Compostela, ou de calquera concello do rural, senón que é un problema de país.

Os terreos onde se pretende instalar son uns terreos mineiros e polo tanto o seu propietario o que debe facer é cumprir a Lei de minas e executar o plan de recuperación ambiental, de obrigado cumprimento, unha vez rematado o aproveitamento mineiro.

Di que é un problema de país, porque o que se está a facer é unha transferencia dos residuos das áreas urbanas ao rural e négase a que o rural sexa o receptor dos residuos de áreas urbanas e o seu vertedoiro. É dicir, a xestión de residuos ten que facerse onde se xeran e non ser transferidos a outros territorios.

Considera que o que se precisa é unha lei de xestión de residuos e este é un proxecto idéntico ao que no ano 2007/2008 se solicitou para Vedra.

Por parte do PP, a raíz deste proxecto de Teo, escoitou que había que modificar a lei para afastar estes proxectos das áreas urbanas. Isto preocúpalle porque quere dicir que hai que establecelo no rural. Se a isto se lle suma que en concellos rurais existen polígonos industriais de difícil viabilidade, iso pode supor que eses proxectos se queiran implantar neses polígonos.

Anuncia o seu voto a favor.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia o seu voto a favor.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Acordo, se procede, da modificación da ordenanza fiscal nº 6.

A Presidencia di que nos orzamentos que se aprobaron no día de hoxe vai unha oferta de emprego público cunha praza de auxiliar administrativo/a. Temen que haxa un gran número de opositores/as que vai implicar unha serie de molestias e gastos, e entende que a veciñanza de Vedra non ten porque soportar eses gastos. Por outro lado Vedra é un dos poucos concellos que non tiña establecida esa taxa.



Declárase a urxencia deste punto na orde do día que é aprobada con doce votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e un voto en contra do BNG-AA.

Dáse conta da proposta de modificar a ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e incluír no artigo 7.- Tarifa a imposición de taxas por dereito de exame, do seguinte xeito:

“DEREITOS DE EXAME

- 1.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A1, ou como laboral fixo ao nivel 1: 35,00 euros
- 2.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A2, ou como laboral fixo ao nivel 2: 30,00 euros
- 3.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación B, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 30,00 euros
- 3.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes. 19,00 euros
- 4.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 17,00 euros
- 5.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao Grupo Outras Agrupacións Profesionais, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 5,00 euros

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da recepción legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito”

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE propón unha bonificación na taxa para persoas paradas de longa duración. Di que o seu grupo votará a favor.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que votará en contra. A plusvalía que vai xerar un funcionario/a durante décadas no concello, non é nada respecto ao posible custo que poida xerar o feito de ter que alugar un espazo público para realizar as probas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que convén lembrar que a mesa de contratación deste concello se ten convocado coa presenza de técnicos alleos ou externos, co gasto que iso supón, para adxudicar contratos nos cales a selección era entre unha empresa, sen custe algún para a empresa que concorrera. Cre que é un agravio polo que o seu voto vai seren contra.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que son situacións diferentes.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:



1º.- Respecto dos defectos da obra feita no antigo campo de fútbol de Vedra, di que se resolverán.

2º.- Respecto da parcela dotacional de 6.000 m² en Xián xunto á nave do concello, a Presidencia manifesta que non están ante un novo caso Marcelino e que hai posibilidades elevadas de que se acade un acordo extraxudicial para resolver o asunto e informará ao pleno oportunamente para que non se fagan especulacións.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, replica que o acordo implica perder, ceder ante a outra parte.

3º.- Sobre as actuacións no parque empresarial e nos terreos do Mirador de Sales respecto da defensa contra o lume, di que no Mirador de Sales ao ser solo urbano sería competencia do concello facer a comunicación previa aos propietarios que son os que teñen que facer a xestión da biomasa. No caso de incumprimento é cando se podería face a execución subsidiaria, pero nunca antes de facer os trámites previos de comunicación aos que obriga a lei. Di que se puxeron en contacto, a través do arquitecto do banco, para que realizaran a limpeza á maior urxencia posible.

No caso do polígono industrial, ao non estar desenvolvido, non existir infraestruturas e estar en solo rústico, entende que sería competencia da administración autonómica facer a comunicación previa e realizar esa execución.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, replica que acaba de aprobar un plan de defensa contra incendios, e o plan tería que ter contemplado se esa área é de actuación ou non.

A Presidencia dille que non entendeu a resposta. Dixo de quen sería a competencia, da administración autonómica facer a comunicación previa e realizar a execución ou do concello.

4º.- Sobre as retribucións percibidas por dona Margarita Devesa nas Xornadas arredor da camelia, di que foron en calidade de concelleira.

5º.- A pregunta sobre os estatutos da escola de fútbol queda para o seguinte pleno.

6º.- Sobre en que concepto cobrou a FAEPAC varios miles de euros, a Presidencia di que o que se fixo foi asinar un convenio, en virtude do cal están facendo outros traballos como: prestar asesoramento técnico ás actuacións realizadas polo concello en materia enerxética, seguimentos de control de consumos enerxéticos, elaboración de informes sobre proxectos promovidos polo concello, informar sobre modificacións legislativas e tarifas que afecten aos subministrados enerxéticos, informar sobre os novos materiais e produtos, informar sobre convocatorias de axudas públicas, participar na formación de técnicos e persoal do concello, etcétera.

Agora están asesorando e controlando todo o que ten que ver coa licitación da ESE.

7º.- Respecto da pregunta presentada por rexistro o día dez de xullo sobre as augas atoldadas e con escuma que baixaban polo río Ulla o venres seis de xullo, A Presidencia responde que se puxeron en contacto coa administración competente na materia e respondéronlle que non existía ningún problema. Procedía da zona de Vila de Cruces e eran arrastres de terra provocados polas fortes tormentas dos días anteriores, co cal non consideraron necesario adoptar ningún tipo de medida. Por outro lado, ningún veciño trasladou ao concello a súa preocupación por ese motivo.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o plan de aforro enerxético sustentable, queda para o seguinte pleno.



2º.- Respecto á humanización das vías da Deputación, di que, como xa comentou na comisión informativa, que no seu momento falou cos enxeñeiros e agora tivo unha xuntanza co deputado de vías e obras e informáronlle que non había que presentar proxecto ningún, que é a Deputación a que ía realizar o plan.

3º.- No referente ao levantamento topográfico do camiño de Torrente, responde que está en contacto coa asociación de veciños e nas próximas datas dará información do que lle trasladen. O técnico xa fixo no seu momento o levantamento topográfico e había discrepancias técnicas e están tratando atopar unha solución satisfactoria para todos.

4º.- Sobre a praza de tesoureiro/a do concello responde que de momento sae a praza de auxiliar administrativo e que o resto irase vendo pouco a pouco.

5º.- Sobre o roubo dunha furgoneta do concello, di que xa está contestada. Engade que o material está ben custodiado e se está a reforzar a seguridade naqueles puntos que se consideran necesarios.

6º.- Respecto do arranxo do tellado dos muíños di que toma nota.

7º.- Sobre a senda peonil, di que xa está contestada. Esa estratexia de mobilidade alternativa de Galicia é levada directamente pola Xunta de Galicia e son actuacións nas estradas da súa titularidade. A estrada de San Xián é de titularidade da Deputación de A Coruña e polo tanto non se pode executar a obra alí.

--Ás preguntas do sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a consideración de patrimonio cultural dos lavadoiros, fontes, muíños, etcétera, di que está de acordo con el, pero debido aos recursos humanos e económicos dos que dispón o concello, teñen que establecer prioridades de actuación. Cre que deben buscar a implicación da veciñanza e abrir unha reflexión de como manter e conservar iso entre todos, porque senón é inviable e dificilmente asumible manter todo.

2º.- Respecto á senda peonil en San Mamede, di que xa está contestada.

3º.- Sobre o concurso de graffitis para o vagón de tren en Santa Cruz, di que esperará a ver o que din os técnicos.

4º.- Respecto ao arranxo dos paneis publicitarios, responde que toma nota e intentarán que estean o antes posible en condicións.

5º.- Sobre a apertura do ximnasio municipal en horario de mañá, responde que xa se fixera unha proba durante 2 ou 3 meses, e asistían 2 ou 3 persoas. Iso supoñía ter unha persoa máis no ximnasio, e cre que se non hai un número mínimo de usuarios é innecesario. De todos xeitos, é unha cuestión que se pode volver estudar.

6º.- Respecto á solicitude dun local por parte da ANPA do CPI de Vedra, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que falou coa actual directiva da ANPA e comunicáronlle que xa teñen un local no propio centro. Nos dous últimos cursos solicitaron locais no colexio e no concello para actividades e fóronlle concedidos.

7º.- Sobre as obras a realizar no CPI de Vedra, cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que supón que se refire ás obras que se xestionan dende o concello coa Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

Trátase dunha ampliación do CPI sobre o actual módulo que agora ten a secundaria e que alberga a práctica totalidade das aulas específicas da educación secundaria e outros espazos comúns do centro como a biblioteca e a aula de informática.

Con esta ampliación preténdese crear oito aulas de secundaria, de xeito que queden próximas as aulas específicas desa etapa educativa, usando os aseos e o ascensor xa existentes.



Os espazos, con esa ampliación, quedarían funcionalmente ordenados e organizados, pasando toda a educación secundaria e as aulas específicas ao módulo máis recente. As doce aulas de primaria e educación infantil quedarían no edificio orixinal.

En total quedarían un total de 23 unidades que podería escolarizar a un máximo de 615 alumnos/as.

Ademais da construción das novas aulas destinadas a secundaria, tamén se prevé reformas interiores nos edificios xa existentes. Produciríase unha reorganización interna: a aula de tecnoloxía pasaría ao actual espazo da aula de infantil na planta baixado módulo de secundaria; o actual espazo de infantil sería para unha aula de usos múltiples.

Tamén se prevé a construción de dous baños para educación infantil próximos a o comedor e aula de usos múltiples, así como a división das 3 aulas longas existentes para permitir o desdobre de grupos e os apoios educativos que indica a normativa.

Recóllese a modificación da entrada actual do CPI para darlle unha superficie maior á conserxería e instalar carpintería e mecanismos de apertura axeitados á normativa actual de incendios e evacuación.

Estas obras non serán todo o áxil que desexan todos porque a tramitación administrativa leva o seu tempo.

Cre que é unha obra demandada, necesaria, importante, que ao longo do curso que vén estarase executando e ten un orzamento previsto de máis de oitocentos mil euros.

Con esta obra e con outras actuacións que ten previstas o concello, espera que quede un centro como merecen os escolares e a comunidade educativa de Vedra.

8º.- Respecto á construción dun parque infantil en Vedra, responde que está previsto facelo ao lado do centro de saúde e ten un orzamento de trinta mil euros. Está a buscar o financiamento no que resta de lexislatura.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, a Presidencia responde:

1º.- Sobre a senda peonil e ciclista prevista en San Mamede, di que xa está contestada.

2º.- Respecto á pregunta feita na comisión de contas sobre a subvención concedida ao concello para traballos de organización do arquivo municipal, di que xa está contestada. Entende que se é unha pregunta de partido, este non é o foro axeitado.

8º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Saíu na prensa “a rede ultrarápida chegará ao 66% da poboación da comarca no ano 2020”. Trátase de que a administración autonómica e central van poñer cartos e sacar a concurso para que as operadoras dean cobertura de fibra óptica en núcleos pouco atractivos para as operadoras, pretendendo diminuír as zonas brancas ás que non chega unha cobertura de 100 megas.

En Vedra, as zonas beneficiadas van se Sol, Galegos, Tomonde, Nande e Pousada de Abaixo.

A nova tamén di: “los concellos sin capacidad de decisión sobre los lugares elegidos recibieron el anuncio de la Xunta a finales de junio”.

Non cre que a Xunta non chamara aos concellos para preguntar cales son as zonas con máis dificultades. Resulta que Sol ten a central de Telefónica a 200 m. e existen zonas do concello cunha cobertura pésima ou nula de ADSL.

Unha vez máis as desigualdades entre parroquias medran.



Quere saber que criterios seguiron para sinalar as zonas brancas, porque os núcleos próximos ás centrais teñen unha conexión máis que aceptable.

2º.- Pregunta se se cobraron os oitenta mil euros que debía o BBVA e se hai unha sentenza firme.

3º.- Pregunta cando se vai facer a extensión da rede de saneamento na parte alta da aldea de Quintáns. A Presidencia responde que teñen unha memoria elaborada e se coincide con outras infraestruturas estudarán a posibilidade e viabilidade de facelo.

4º.- A punto de cumprir un ano a adxudicación á nova empresa do SAF, quere saber se teñen comunicación con eles, como se está a prestar o servizo e se hai reclamacións das persoas usuarias e/ou traballadores/as.

--Don Ramón Lago Lestón do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Felicitar ao Sr. Cernadas Méndez polo seu novo cargo de Presidente das Escolas Deportivas de Vedra.

2º.- Solicita o informe remitido pola administración competente relativo ás augas atoldadas e con escuma que baixaban polo río Ulla o pasado mes de xullo.

3º.- Roga que miren o tema dos programas electorais e das promesas, porque non cumpriron ningunha. O do ano 2015 é calcado ao do ano 2011: dar prioridade nesta legislatura á auga potable e sumidoiros, dar prioridade mestas áreas á inversión municipal e da Xunta e Deputación; axuda e colaboración para as pequenas empresas e agricultores.

O PSdeG-PSOE presentou hai un tempo unha proposta para unha bonificación do 95% para as empresas que estiveran en calquera tipo de solo e negáronse. Solicita que se reforme esa ordenanza.

Solicita que se poñan a traballar na modificación do PXOM.

Di que si hai algo que fixeron: rematar a rehabilitación da antiga nave da estación do ferrocarril.

4º.- Pregunta cal é o custe real da nave para envasado, porque ao principio dixeron que eran cento trinta mil euros e logo dixeron que á baixa quedaría entre oitenta e noventa mil euros.

5º.- Respecto ao velódromo, din que a xente que o usa esta contenta. Cre que é normal porque levan oito anos sen nada.

6º.- Respecto ás mocións presentadas a pleno, cre que é un traballo fútil. No seu momento presentaron unha moción para a loita contra a vespa velutina, no que un dos puntos era crear unha partida orzamentaria específica no plan de medio ambiente para iso. Non só non se creou, senón que baixaron o gasto en oito mil euros. Solicita que explique como se pode aproba unha moción por unanimidade e despois non se leva a cabo.

A Presidencia recórdalle que se están a sacar os niños de velutina.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE responde que si é certo que se están quitando os niños. Só di que unha moción aprobada por unanimidade en todos os seus puntos non está reflectida nos orzamentos, e cre que unha moción cando se aproba é para levala a cabo.

7º.- Respecto ao fomento do emprego, resúltalle estraño que este ano non vai haber obradoiro de emprego. Quere saber onde se van investir eses cartos e se teñen pensado fomentar o emprego doutro xeito.

8º.- Pregunta por que aumenta de catro mil seiscientos a sete mil euros o aluguer dos locais de Renfe, segundo se reflecte no orzamento aprobado hoxe.



9º.- Roga que miren as realidades e prioridades do concello porque lle resulta raro que consideren tan importante a sociedade da información como para duplicar o gasto en dous anos.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto á petición formulada hai dous meses a que fixeran cumprir as medidas de protección contra incendios nos terreos do parque empresarial e nos terreo urbanos do Mirador de Sales, dous meses despois responde que no caso do Mirador de Sales, que coñecen de sobra quen é o propietario, están dándolle voltas. Rógalle máis dilixencia se é que ten interese no tema.

Respecto ao parque empresarial, di que o concello ten asinado un convenio de colaboración cos propietarios, que dispón de diñeiro público na tramitación e desenvolvemento dese polígono, e que dous meses despois de telo pedido e vencer o prazo para executalo non saiban quen ten que notificar, resultalle unha tomadura de pelo ao pleno e á veciñanza. Solicita que o fagan executar.

2º.- Queda intranquilo sobre a resposta que deu sobre o acordo sobre a finca de 6.000 m² xunto á nave de Trobe.

3º.- Solicita que dea conta de como está o expediente sancionador e de reposición da legalidade da carballeira de Xián que se cortou na parcela lindeira coa nave do concello. Lémbrale que se eliminou unha carballeira protexida polo propio plan especial que lle afectaba.

Di que lle sorprendería que ese acordo que ten co propietario podería ser que o concello faga a vista gorda con ese expediente.

A Presidencia responde que el non dixo que chegaran a un acordo. Dixo que había moitas posibilidades de que mediante un acordo extraxudicial esa parcela volva a ser propiedade do concello.

4º.- Respecto aos defectos da obra da pista de rodadura, pídelle que diga que non se van solucionar e xa non volverá preguntar.

5º.- Sobre a débeda do BBVA co concello, derivada do convenio de colaboración no parque empresarial, entende que o que se vai executar é esa débeda que tiñan os propietarios orixinais, que era ata o ano 2011. Pregunta que se vai facer coa débeda xerada desde esa data de execución ata a actualidade.

6º.- Este pleno aprobou no seu día unha bolsa de emprego público temporal para substitucións por baixas, vacacións, etcétera, e entre as prazas que se inclúen nesa bolsa hai unha de monitor de servizos culturais e educativos.

Por outro lado, hai unha resolución de xaneiro deste ano na que queda aprobada a relación de persoas, e resulta que para cubrir as vacacións do persoal da ludoteca contratouse unha empresa privada. Pregunta por que non se botou man desa bolsa de emprego.

7º.- Solicita que detalle as subvencións que recibe o concello para a loita e defensa contra os incendios. Pregunta cantos quilómetros de camiño de monte se acondicionaron ata o de agora.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Solicita un informe histórico do seguimento da calidade dos aglomerados que se fan no concello, un informe histórico dos ensaios que se realizan externamente, internamente, os parámetros que se analizan neses ensaios e a valoración do resultado. Pregunta cal é a empresa externa que contrataron e cal é o persoal do concello encargado do tema.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Pregunta como vai o tema do paseo cicloturista que retiraron por oposición da veciñanza.

3º.- Pregunta en que termos e cal era a composición do tribunal que realizou a renovación do contrato do avogado Roibás.

4º.- Pregunta cal é o motivo polo que o PP na Xunta de Galicia se opuxo en dúas ocasións á fiscalización da contratación dun arquivista municipal.

5º.- Pregunta cales son os termos e a empresa do contrato de erradicación de vespas velutinas.

6º.- Solicita que comunique ao pleno cal é a entidade bancaria co que se vai contratar ese préstamo de cincocentos / setecentos mil euros, can do suceda.

--O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE pregunta cal é a porcentaxe de abastecemento e saneamento realizada no concello a día de hoxe.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos.